



ACORDO da Comisión Avaliadora pola que se publican os resultados definitivos da baremación dos méritos das persoas aspirantes admitidas no concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro/a especialista, na especialidade de enfermaría xeriátrica, convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2025 da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Mediante Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 22 de decembro de 2025 (DOG núm. 3, do 7 de xaneiro de 2026), convocouse concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista na especialidade de enfermaría xeriátrica.

Publicada, en data 29 de maio de 2026, a relación provisional coa puntuación obtida polas persoas aspirantes admitidas no concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista na especialidade de enfermaría xeriátrica, por acordo da Comisión Avaliadora do 29 de maio de 2026, e non constando ningunha reclamación nin apreciado, de oficio, ningún erro material, a dita Comisión acordou, en data 16 de xuño de 2026, aprobar a relación definitiva de puntuacións e proceder á súa publicación, aos efectos previstos na convocatoria.

En base ás competencias atribuídas na convocatoria, a Comisión Avaliadora, nomeada por Resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo de data 7 de abril de 2026,

ACORDA:

Primeiro. Publicar, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) e nos taboleiros de anuncios da Área Sanitaria de Vigo, a relación definitiva das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas no concurso.

Segundo. Remitir á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, como autoridade convocante, a proposta coas aspirantes seleccionadas, aos efectos previstos na convocatoria.

Vigo, 17 de xuño de 2026

A presidenta da Comisión Avaliadora

Rosa María Morais Rodríguez

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 17 de xuño de 2026 procédese á publicación do presente Acordo.

A directora de Recursos Humanos

Maria Cobas Brey



CONCURSO ESPECÍFICO PARA O INGRESO NA CATEGORÍA ESTATUTARIA DE ENFERMEIRO/A
ESPECIALISTA (DOG 07/01/2026).

Especialidade: **XERIATRÍA**

BAREMACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS

Data publicación: 17/06/2026

DNI	APELIDOS E NOME	Experiencia	Formación	Outras actividades	Total puntos	Orde
***6721**	GESTOSO TROITIÑO, MARIA ANGELES	28,000	8,000	0,000	36,000	1
***0484**	BUSTO BARRANTES, ANA MARIA	28,000	8,000	0,000	36,000	2

* DNI codificado por protección de datos persoais.